



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 30/01/2016

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día trinta de xaneiro de dous mil dezaseis, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D. José Trillo Lema
D^a. Marta Rey Lema
D^a. María José Ramos Rey
D. José Antonio Vidal Mira
D^a. María Élida Pequeño Lorenzo
D. Anselmo Ramos Martínez
D^a. Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D^a. Paula Mouzo Maceiras

Ausentes:

D^a. Raquel Rodríguez Amigo
Secretaria acumulada: D^a. Rocío Hermida Cancela
Interventor actal.: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

O **Sr alcalde** excusa a ausencia de D^a Raquel Rodríguez Amigo por problemas de saúde transitoria.

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 28 de novembro e 17 de decembro de 2015.

2º. Proposta da Alcaldía para modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

3º. Proposta da Alcaldía para aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2015 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

4º. Proposta da Alcaldía sobre aprobación inicial da Ordenanza sobre posesión de armas no termo municipal de Vimianzo.

5º. Proposta da Alcaldía sobre adhesión ao convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia e a FEGAMP para a cesión de información de carácter tributario, así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración

6º. Aprobación do proxecto de mellora de acceso principal e a cuberta da casa do Concello (corrección de erratas), con RE 408, de data 21 de xaneiro de 2016



B) Sección de control

- 7º. Comunicados oficiais.
- 8º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.
- 9º. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.
- 10º. Mocións.
- 11º. Rogos e preguntas.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación ope legis das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 28 de novembro e 17 de decembro de 2015.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas. Ningún concelleiro/a formula observacións.

Quedan aprobadas as actas da sesións ordinarias celebradas o 28 de Novembro e 17 de decembro de 2015.

2º. Proposta da Alcaldía para modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xaneiro de 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o 26 de xaneiro de 2016 que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA PLENO

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 24, REGULADORA DA TAXA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, ESCOLA INFANTIL, CENTRO DE DÍA, COMEDOR SOBRE RODAS E LAVANDERÍA SOBRE RODAS

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 24 reguladora taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, para actualizar as tarifas segundo a variación anual do IPC.

Visto a variación do IPC a novembro de 2015, que foi de -0,3 %.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais.



Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:

"7.3. A cota tributaria pola prestación do servizo de centro de día determínase de conformidade coa seguinte tarifa:

PREZO MES

Ingresos (Renda per cápita)	Cota por usuario a xornada completa	Cota por transporte 2 Víaxes (€)
Menores ou iguais á PNC	0,50 x SMI	39,02
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	0,70 x SMI	39,02
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	0,90 x SMI	39,02
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	1,00 x SMI	39,02
Maiores ao triplo do SMI	1,50 x SMI	39,02

(...Resto do artigo permanece igual...)

7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
Menores ou iguais á PNC	1,19	0,36
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	2,35	0,59
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	3,57	0,73
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	4,72	0,95
Maiores ao triplo do SMI	5,92	1,19

A estos prezos hai que engadirle un custo de 1,76 € por día para o transporte se éste fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006."

Documento firmado digitalmente. CVD: Rg4jdzjaak26EGRSluz
CN=ANTELO PAZOS MANUEL - 52432258D, GIVENNAME=MANUEL, SURNAME=ANTELO PAZOS, SERIALNUMBER=52432258D, C=ES,
CN=HERMIDA CANCELA ROCIO - 32799516K, GIVENNAME=ROCIO, SURNAME=HERMIDA CANCELA, SERIALNUMBER=32799516K, C=ES
El documento consta de un total de 13 páginas. Páginas 3 de 13



Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da Ordenanza fiscal nº 24 no Boletín Oficial da Provincia. Vimianzo, 21 de xaneiro de 2016. O Alcalde. Manuel Antelo Pazos”

Interven o Sr alcalde e di que é consecuencia da modificación do contrato ca empresa onde se incorporu que cada ano se revisarian os prezos en función do IPC como é negativo os prezos baixan.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos por unanimidade.

3º. Proposta da Alcaldía para aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2015 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xaneiro de 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o 26 de xaneiro de 2016 que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA PARA O PLENO

Liquidación definitiva correspondente ó exercicio 2015 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas

Visto o escritos do Grupo Reactada (RE 241 de 18 de xaneiro de 2016 e 297 de 19 de xaneiro de 2016) de liquidación definitiva do exercicio 2015, en relación co contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas.

Vistos os informes de Intervención e Servizo Económico-Administrativo, e informe conxunto de Servizos Sociais e Servizo Económico.

Esta liquidación ascende a un total de 356.588,51 euros dos que se atopan pendente a contía de 22.560,92 euros. A esta cantidade hai que descontar o canon a favor do concello por importe de 18.973,73 euros.

Dado que a variación do IPC de novembro de 2014 a novembro de 2015, de acordo co INE, foi un -0,3% polo que o canon a pagar pola empresa no exercicio 2016 será de 18.916,81 euros.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos e cláusula sexta do contrato administrativo os prezos de servizo e praza, vixentes para o exercicio 2015, unha vez aplicada a variación do IPC, serán os seguintes:

1. Vivenda Comunitaria: 1.508,35 euros/mes.
2. Escola Infantil: 434,80 euros/mes.
3. Comedor sobre rodas: 9,18 euros/menú.
4. Lavandería sobre rodas: 3,84 euros/lavado.



De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos os pagos a conta para o exercicio 2016 será o 90% da liquidación definitiva que importan un total de 320.929,66 euros.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a liquidación definitiva do exercicio 2015, que supón un custo total para o Concello de 356.588,51 euros, quedando pendente de pagamento 22.560,92 euros.

Segundo.- Para este exercicio 2016 e de acordo co establecido no contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas e de forma específica para este exercicio os pagos a conta serán de 320.929,66 euros, repartidos co seguinte detalle:

- xaneiro: 27.882,75 euros
- meses de febreiro a novembro: 26.640,63 euros
- decembro: 26.640,61 euros

Terceiro.- Que se proceda ó pagamento da contía pendente, que ascende á tres mil douscentos oitenta e sete euros e corenta e seis céntimos (3.587,19 euros), unha vez deducido o canon, á empresa adjudicatária deste servizos Grupo Reacteda, S.L.

Cuarto: Que o canon que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 18.916,81 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2016.

Quinto: Modificar a cláusula sexta do contrato administrativo de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas, no relativo os prezos de servizo e praza, que para o exercicio 2016 serán os seguintes:

- Vivenda Comunitaria: 1.508,35 euros/mes.
- Escola Infantil: 434,80 euros/mes.
- Comedor sobre rodas: 9,18 euros/menú.
- Lavandería sobre rodas: 3,84 euros/lavado.

Vimianzo, 21 de xaneiro de 2015. O Alcalde. Manuel Antelo Pazos.”

Interven o **Sr alcalde:** tamén con esta empresa temos que proceder a liquidación, o sistema de pagamento é que mensualmente se fai unha entrega a conta segun estimación e despois a final de ano hai que ver a liquidación, é un axuste.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

4º. Proposta da Alcaldía sobre aprobación inicial da Ordenanza sobre posesión de armas no termo municipal de Vimianzo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de xaneiro de 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o 26 de xaneiro de 2016 que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA SOBRE POSESIÓN DE ARMAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIMIANZO

Vista o proxecto de Ordenanza sobre posesión de armas no termo municipal de Vimianzo, suscrito por esta Alcaldía, na data do 19 de xaneiro de 2015, que conta cunha Exposición de motivos, 12 artigos, unha disposición final primeira e unha disposición final segunda, así como 2 anexos.



Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a éste, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da posesión de armas no termo municipal de Vimianzo.

SEGUNDO.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo e da ordenanza aprobada provisionalmente ao Servizo de Xestión Técnico-Administrativo do Departamento Territorial de A Coruña da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para que no mesmo período de exposición ao público poida presentar cantas alegacións estime convinte.

CUARTO.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto. Vimianzo, 19 de xaneiro de 2016. O alcalde. Manuel Antelo Pazos"

Sr alcalde intervén e di que se promove a petición da garda civil, do capitán da zona en representación do tte coronel que por carta nos solicitaba adoptar estas medidas respecto algunhas armas pola situación de garantir máis seguridade, tamén sobre as da policía local que temos que ter un control das mesmas, elaboramos esta ordenanza que se regula a tenencia desas armas.

O **Sr alcalde** outorga un 1º turno.

Intervén **D. José Manuel Rodríguez Blanco** e di que é importante e temos que informar ben a xente para que non se asuste, pregunto quen van levar ese control?

Os demais grupos non intervenen.

Sr alcalde a xente non ten que preocuparse senon os demais, evidentemente é un rexistro administrativo non imos a ter depósito destas armas, se houbera que facer entrega delas o remitimos a garda civil, solo levamos un rexistro que autorizamos o seu uso, mediante unha especie de carnet, un cartón de armas e cunhas obrigas porque non podes ir por medio de Vimianzo cunha escopeta, en este caso pode ser sancionable, ninguen debe preocuparse neste sentido, imos evolucionando e a medida é axeitada faremos un bando e haberá unha transición por un ano ou así para que todo mundo se poña o día.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

5º. Proposta da Alcaldía sobre adhesión ao convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia e a FEGAMP para a cesión de información de carácter tributario, así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xaneiro de 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o 26 de xaneiro de 2016 que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Documento firmado digitalmente. CVD: Rq41qbzjaak2bEORSIuz
CN=MANUEL ANTELO PAZOS, SURNAME=MANUEL, SERIALNUMBER=52432258D, C=ES
CN=HERMIDA CANCELA, SURNAME=HERMIDA CANCELA, SERIALNUMBER=32799516K, C=ES
El documento consta de un total de 13 páginas. Página 6 de 13.



ASUNTO: ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN.

Visto o convenio de colaboración entre a axencia tributaria de Galicia e a federación galega de municipios e provincial para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación administrativa, de data 08/04/2015.

Tendo en conta o establecido na cláusula segunda ao respecto da finalidade do convenio, que sinala que a cesión de información pola ATRIGA terá como finalidade exclusiva a colaboración coas entidades locais de Galicia asociadas á Fegamp no desenvolvemento das funcións que esta teña atribuídas cando, para o seu exercicio, a normativa reguladora esixa a achega dunha certificación expedida pola Xunta de Galicia. Nestes supostos, a información que debe constar en tales documentos solicitarase directamente da ATRIGA, sempre que resulte de interese para o exercicio de tales función e se refira a un elevado número de interesados ou afectados.

Así como a cláusula décimo quinta, que sinala: "(...)todas as entidades locais de Galicia asociadas á Fegamp que o desexen poderán adherirse ao mesmo. Para elo, formalizarán o Protocolo de Adhesión que se ahega como Anexo I a este convenio ante a Dirección da ATRIGA. A ATRIGA remitirá copia dos Protocolos de Adhesión Á FEGAMP.

As devanditas adhesións serán inscritas no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 11 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega."

Vista a competencia do Pleno, propónse a éste, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Adherirse ao convenio de colaboración entre a axencia tributaria de Galicia e a federación galega de municipios e provincias para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación administrativa, de data 08/04/2015.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo e do Anexo I (protocolo de adhesión) do antedito convenio á Dirección da ATRIGA e á FEGAMP.

TERCEIRO.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Vimianzo, 21 de xaneiro de 2016. O alcalde. Manuel Antelo Pazos."

Sr alcalde: os concellos para facer pagamentos en contratos subvencións sexa a empresas ou particulares teñen que estar o corrente coa administración local, seguridade social, autonómica e facenda, moitas veces e mais axil que o comprobe o concello a esperar que vaian a corcubión ou Coruña, por eso se nos autoriza a comprobalo, coa xunta non tiñamos esa posibilidade de ahí o convenio.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

6º. Aprobación do proxecto de mellora de acceso principal e a cuberta da casa do Concello (corrección de erratas), con RE 408, de data 21 de xaneiro de 2016



Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xaneiro de 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de obras o 26 de xaneiro de 2016 que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DE ACCESO PRINCIPAL E A CUBERTA DA CASA DO CONCELLO (CORRECCIÓN DE ERRATAS), CON RE 408, DE DATA 21 DE XANEIRO DE 2016.

Visto que o Pleno do Concello aprobou, na sesión extraordinaria celebrada o dezasete de decembro de 2015, a solicitude de participación no “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016” da Deputación Provincial da Coruña, con aprobación dos proxectos técnicos correspondentes, entre os que se atopa o proxecto denominado *“Mellora de acceso principal e a cuberta da casa do concello”*.

Visto o requirimento remitido telemáticamente e recibido o día 21 de xaneiro de 2016, con RE 393, referente ao proxecto denominado *“Mellora de acceso principal e a cuberta da casa do concello”*, no que se detectaron as seguintes deficiencias:

-No orzamento faise referencia a unha marca comercial: fiestra dunha folla proxectante en carpintería de PVC de perfís multicámaras, con canle de ferraxe de 16 mm, de dimensións 960x1100 mm, modelo Eurofutur Elegance de Kommerling.

-O estudo de xestión de residuos non recolle ningunha cantidade estimativa do custo da dita xestión.-RD 105/2008 de 1 febreiro, art.4, a)7º.

Consta presentado, polo redactor do proxecto, D.Vicente Rivas Negreira, o 21 de xaneiro de 2015, con RE 408, proxecto corrixido.

Polo tanto, compre proceder á aprobación do proxecto corrixido, para que se poidan atender, no prazo sinalado pola Deputación da Coruña, o antedito requirimento.

Vista a competencia do Pleno, propónse a éste, previo ditame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto “Mellora de acceso principal e a cuberta da casa do concello (corrección de erratas)”, con RE 408, de 21 de xaneiro de 2016, para a inclusión da dita emenda no expediente do POS 2016.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo así como do proxecto con RE 408, de 21 de xaneiro de 2016 á Deputación provincial da Coruña, a través da plataforma Subtel.

TERCEIRO.-Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto. Vimianzo, 21 de xaneiro de 2016. O alcalde. Manuel Antelo Pazos.”

Alcalde e unha corrección de erratas para proxecto do POS, nunha partida aparecía unha marca comercial e non pode ser, si o fai terá que poñer ou similar, non poñía o similar e eso é o que corriximos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control



7º. Comunicados oficiais.

Non hai comunicados oficiais.

8º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende a resolución núm. 1623 do 26/11/2015 ata a resolución núm. 1787, do 31/12/2015 e da resolución núm. 1 do 04/01/2016 ata a resolución núm. 109, do 27/01/2016.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

9º. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

O Sr alcalde da a palabra o Interventor accidental que di que se da conta o informe de morosidade o 4º trimestre do ano 2015 e do informe do período medio de pago a provedores do 4º trimestre 2015.

10º. Mocións.

O Sr alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algúnha moción e non se producen.

11º. Rogos e preguntas.

Outorgase un primeiro turno de intervencións.

Intervén a **Dª.Paula Mouzo Maceiras**: coma sempre neste apartado somos a voz dos concidadans vamos preguntar como esta a situación.

Sr Alcalde di que se empeza por rogos

Dª.Paula Mouzo Maceiras contesta que roga que se faga un estudo dos vertedoiros ilegais e se faga campaña de concienciación

Preguntas:

- Como está a situación dos montes Milleira si se adiantou algo, se falou ca xunta, como vai a cousa?.
- Vai iniciar medidas para arranxar fontes do Concello?
- Cando se poden acometer melloras na pista sanfins-caxadas porque está en estado ruinoso?
- Na obra de Trasouteiro os veciños preguntan pola senda peatonal ou beiraruas.
- Penedos de Pasarela, sairon publicados que supuestamente hai un estudo que solicitou unha empresa ourensana, saber si teñen novas da alcaldía sobre o tema. E incluso con que protección contan os Penedos si chegara a ser que montaran unha canteira.
- Implantar un punto limpo de plásticos agrícolas en Bañías, si vai manter unha reunión cos veciños en canto a cesión da finca para este proxecto.
- Unha dúbida dos últimos anos dada situación económica, FITUR, porqué Vimianzo non está representada?, que ten moito que fomentar e hai que darlle difusión ó megalitismo e intentar creación de emprego.
- Parque empresarial, que medidas están tomando para proliferación deste e que novas empresas se asentaran?



- Posibilidades de mellorar os cauces dos ríos porque debido os temporais en zonas como Santa Comba de Baíñas, que forma a través da xunta, Augas de Galicia ou Seprona poder ter algunha iniciativa e evitar estes temas?

Sr alcalde: cando cheguei todos os verquidos non tiñan autorización, sobre 40, con paciencia e constancia legalizamos os verquidos, tamén decir que augas chegou a semana de tomar eu posesión, antes valía, levamos a cabo unha campaña de limpeza e recollida e tratamento do material cos informes das empresas que xestionan os residuos, tamén estamos nun proxecto supramunicipal que vostede saberá de abordar o tema de residuos sólidos urbanos mancomunadamente onde o reciclaxe será importante, en canto as preguntas monte Milleira estou para xestionar unha entrevista con medio rural, xa falei co delegado da xunta Diego Calvo quedamos en ter reunión para dar saída, en principio se cumprirán estaría satisfeito en parte, a saída é rescindir os consorcios e que sexa o único xestor o Concello e logo veríamos cos veciños como resolver, esa liña foi a que plantexaron, a pega é que os montes non hai vontade de excluílos dos catálogos de monte pública, cando teña mais información faremos comisión.

As fontes nos lugares imos atendendo as demandas, non me constan demandas sin resolver, gustárame que se concretara as peticións porque xenericamente non imos a ningún lado. A fonte de Brives hoxe é un pequeno estorbo para circulación de vehículos estamos neso.

Pista sanfíns-caxadas, si fora a única sería solucionable, nos prevemos unha partida para atender arranxo pistas e sempre o poñemos en subvencións que hai, temos que deixar pasar o inverno e logo actuaremos.

O arranxo en Trasouterio e alternativa Tedín, estudiaremos o das sendas pero tampouco a alcaldía se plantexou por veciños nin dirección de obra nin contratista solicitude nese sentido

Penedos temos que estar de acordo todos porque a Xunta ten obriga por lei de facer un plan director de posta en valor dos Penedos e os veciños o intentamos, polo concello aparte de facer rutas temos previsto un roteiro e acabamos de adecentar o parque infantil detras da escola poñendo un pequeno centro de interpretación onde se pode ver en paneis os penedos en fotos e outros onde se pode facer un xogo entre as súas sombras e formas.

A canteira, unha empresa Graor o 2000 promoveu unha investigación para buscar ou concluír si se pode explotar unha canteira, claro naquela autorización da xunta entraron a saco e dixeron xa que estamos facendo unha cata facemola grande e fixeron unha canteira ilegal, coa oposición do veciños conseguíuse paralizar eso, houbo unha reposición da legaliadde a traves da APLU o final acabaron restaurando e quitando os restos que había alí. Retomaron o expediente, someterono a información pública e para que se presenten alegacións para obter autorización para unha investigación, como aquí a minería o primeiro que chegue queda ca mina, e o planteamento que teñen, o informe do concello e negativo, o paraxe é protexido e a lei impide, a zona e moi ampla e nos, o informe en todo caso e negativo

En canto o punto limpo de Baíñas espero que non volvamos abordalo porque o levemos adiante temos que darlle un impulso e o faremos.

No de turismo Fitur a proxección é complicada porque ou vas con stand propio e gastas 30000 euros ou vas ca Deputación e Turgalicia, ademais está promovendo o ente xestor CMAT que aglutina os concellos e está presente, o concello de Vimianzo está presente non foi o alcalde poque os custes casi nos compensa sacar un folleto ou algo asi e porque nos temos outra politica de turismo e sin criticar a Fitur e que nun futuro non vaiamos, estamos co megalitismo imos celebrar un simposio pronto, temos moitas iniciativas, quero singularizar a audio guía do castelo e aprender a historia do castelo, incluso recomendo que a baixen para enterarse da historia.

Parque empresarial, creo que fixemos as medidas extraordinarias e importantes para poñelo en marcha, esta semana esta previsto encender os alumeados que roubaron o non ter un sistema de seguridade instalado. Tuvemos outras iniciativas que tamén están en marcha como aliciente para empresas, o concello renuncia os ingresos polos impostos de construción que é un incentivo importante, o que podemos facer porque nos non somos propietarios do parque, tamen digo que estamos discriminados polo estado porque SEA o 75 % está o goberno central e o consello administración son de fora salvo a concelleira, o interés é nulo, estamos discriminados porque en comparación cos parques da xunta o prezo é superior, por exemplo o de Carballo que o prezo é 3 veces inferior o de Vimianzo, con todo o parque vai collendo forma, se van instalando empresas, hai

Documento firmado digitalmente: CVD: Rq4lqpbzlaak2beORSIuz
CN=ANTELO PAZOS MANUEL, SERIALNUMBER=52432258D, C=ES
CN=HERMIDA CANCELA ROCIO, SERIALNUMBER=32799516K, C=ES
Este documento consta de un total de 13 página/s. Página 10 de 13



previsión de algunha mais pero perdonade a discreción será a empresa quen decida, pero ten certo volumen de traballo, si vai adiante será benvido o proxecto.

O tema dos temporales a televisión influe moito agora xa lle chamamos cicloxénesis, sempre houbo temporais, chea de ríos, houbo a desgraza que entrou nun garaxe pero a veces tamén se relaciona con medidas que hai que esixir nas edificacións, na zona de bañías preocupa a zona de santa comba pero non este ano especialmente, agora aínda desborda menos pola limpeza que se fixo, con todo desborda porque a estrada está moi baixa, xa o comentei, estamos elaborando un proxecto para ese tramo que contemple o drenaxe dese punto negro, isto é de todos os anos, queremos acabar con eso.

A canle de Vimianzo hoxe unha barbaridade, xa os vellos decían isto non vai ir ben, temos aquí un concelleiro que o pode decir, o concelleiro contesta que decían que non collía a auga no canle.

Solicitei unha entrevista o 19 de xaneiro coa conselleira, para abordar este tema da ampliación da canle e un obxectivo de goberno é adecentar ese tramo de estrada que vai o cemiterio que por razóns evidentes se transita, cando tempo permita imos arranxar esa estrada que se levantou o asfaltado. Creo que contestei a casi todo

Intervén D. José Manuel Rodríguez Blanco: un rogo paréceme fantástico o da carretera de bañías oliveira pero si podemos acabar con eso, aproveitando que si fan un proxecto si se pudiera unha senda peonil dende o cruce que vai para Bouza ata Dumbria porque é unha carretera moi estreita e temos o alcalde de Dumbria na Deputación e podese aproveitar.

Outro tema en Bañías ali diante do colexio hai un barranco tremendo e debemos tomar medidas.

Outra cousa creo importante esixir a xente que limpe os tubos que todos demos, os damos e logo non os limpan e importante esixir que limpen

Preguntas:

- O 3 de xaneiro fixen unha pregunta a vostede, que ten importancia, sobre presuntamente unha denuncia contra secretaria municipal, non a que temos agora senón a Sra Cristina, denuncia polo arquitecto que é verdade porque por decreto nomeou abogado para defendela, si nos pode explicar, vostede dixo que era mentira pero agora si é verdade, a secretaria é a persoa que ten que asesorar ou fai os informes e a que nos ten que asesorar o goberno e oposición e nos explique que pasa con ese tema, porque se está investigando a secretaria municipal.
- Cantos procedementos hai abertos neste concello?

Sr alcalde respecto os rogos, o tema da senda vai no proxecto porque é importante e existen vivendas que están próximas o núcleo e unilas dalgunha maneira, tamén fixo referencia a cando se inunda os ríos tamén as propiedades privadas pero é problema de quen fixo a casa que o mellor non debía facela en solo rústico, o concello ten que garantir que na estrada se poida circular, si algún lle entra auga na súa casa porque está o lado do río, está invadindo a zona de servidume de 5 metros ou en zonas que non corresponden.

O burato do colexio arranxouse onte e era un burato pero hainos peores pero é normal na oposición velo así, coincido con vostede que debemos ser mais cívicos en canto os tubos hai moitas entradas e nos estamos volvendo vagos.

Vostede dixo na prensa que a secretaria estaba imputada e lle dixen que mentira, si que lle dixen que estaba denunciada, vostede sabe porque, quen denunciou llo dixo, non se deixe utilizar, si o sabe é porque llo dixo, o informou mal porque non está imputada, as dilixencias previas son reservadas ou secretas e non está ben facer público todo o que se esta investigando, houbo dúas por prevaricación, por ser instructora dun expediente disciplinario contra arquitecto municipal que todo mundo sabe como é o tema, onte foi efectiva a resolución de suspensión de funcións, está supendido por catro anos por infraccións moi graves de realizar traballos profesionais o marxen de autorizacións e o mesmo tempo para os que non podía tela porque o específico e o maximo que pode exisir e impediría eses traballos, non vou entrar en outras cousas que todos sabemos, tamén lle presentou outra por falsidade de documento público tamén relacionado co arquitecto municipal que foi cando adquiriu o Pazo de Boallo que como tal non aparece nas NNSS aparece como da Pedriña, o informe que fixo a secretaria neses termos en base a outros de técnicos e da Xunta, entón denunciouna por falsidade en documento público, calquera aquí pode sacar conclusións amedentrar funcionarios do proceso instructor que participaron 4



funcionarios diferentes tres nin do concello e os 4 funcionarios habilitados estatais como este señor é indefendible se dedica a atacar e matar o mensaxeiro porque un funcionario o fronte do expediente non é capricho ten responsabilidades porque a xustiza pode ir contra o funcionario, houbo sempre unha intención por evitar saír adiante este expediente e sae adiante porque os feitos son incontestables por eso lle digo que está sendo utilizado por él non lle digo os motivos, a xente pode pensar que vostede lle debe favores porque si falo de eso e tivo coñecemento antes da denuncia de ser notificada a denunciada, non é normal, vostede fixo unhas preguntas por unha denuncia que nin a denunciada o sabía, non está imputada nin investigada solo denunciada, ao alcalde tamén está denunciado por prevaricación e acoso, polo arquitecto municipal e as recusacións do expediente que está ahí.

Depois me pide información de procedementos que son algúns consecuencia de mandatos anteriores e pendentes de resolución. O alcalde e concelleira de Baiñas estamos denunciados por un señor que ocupou no Outeiro espazo público, pedidos informes pertinentes da policía local, urbanismo a conclusión é que é unha vía pública e proceder a deixar libre o tránsito, quitamos as pedras e nos denunciou o Sr Oreiro o médico por roubo as pedras e non sei que mais cousas, fomos declarar diante da Garda Civil, non pode ser, un ser que terá abolengo en Baiñas e considera que pode tomar un espazo público.

D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez: tiña 7 rogos pero xa escoitei a resposta solo mencionalo o primer punto teño que recriminar que o goberno non fixera antes no polígono.

Sr alcalde: Ten que facer un rogo non un discurso

D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez: Vostede respondeu o roubo foi dentro pero o que é na carretera xeral a iluminación.

Sr alcalde: Rógeme

D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez: A iluminación do polígono

Sr alcalde: Si ten un debate o teño que cortar, facer o rogo.

D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez: Lle digo que os puntos na subida da Lagoa para entrar no polígono hai luminarias sen actividade, temos empresas e sinceramente non se ve o acceso para entrar no polígono.

Veciños de braño me comunican que o alcantarillado no centro de Braño que según decretos se pagan os enganches non funcionan ben

Tamen tiña Santa Comba de Baiñas

A persoa que procede a remitir invitacións cando hai actos, no último non se nos invitou e quería saber porque, xa que nos enteramos pola prensa e ter en conta o correo facilitado do noso grupo.

Facer públicas as actas da xunta de goberno local en aras da transparencia que sempre din e os veciños teñan acceso.

Presentamos mocións rogo que se leven o seguinte.

Rogo que o tema do camiño de reboredo se de unha resposta para un lado ou para outro que se esclarezca

Preguntas:

- Cal e a argumentación ou motivo para que o Concello formaliza unha liña de crédito de 400.000 euros, un Concello que seguido oímos tan solvente non sei a que ven esta liña de crédito, dende o noso grupo é unha preocupación
- Rumores dos usuarios qué pasa ca pista de padel do polígono?, podemos ver nos decretos que hai problema.
- Sobre a pista de padel municipal tamén escoitamos algún problema
- Hai uns enganches en Braño que pagan os veciños de 300 euros si mal non recordo antes das eleccións houbo o mesmo en Santa Comba de Baiñas, digo que si se cobra a todos ou ningún, desconozco porque a uns si e outros non.

Sr alcalde: creo que expliquei ben o tema da luz do parque, están conectadas o parque as lumiaras de acceso por eso, roubaron cable e cadros de mando, eu pareceme ben que se traigan asuntos aquí que os veciños non traen o alcalde, pero pido que concrete porque falar de problemas de alcantarillado, de que? Olores,...

Documento firmado digitalmente CVD: Rq4tpzlaak2pEORSiuz
CN=ANTELO PAZOS MANUEL, SURNAME=ANTELO PAZOS, SERIALNUMBER=52432258D, C=ES
CN=HERMIDA CANCELA ROCIO, SURNAME=HERMIDA CANCELA, SERIALNUMBER=32799516K, C=ES
El documento consta de un total de 13 página/s. Página 12 de 13.



D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez cando chove sube a auga

Sr alcalde: Agradezo que concrete, poñeremos en contacto e arreglaremos, de todos modos mellor que nos comente e logo recrimine no pleno si non actuamos, non sei que problema houbo co correo se dará resposta, estudiaremos o tema da transparencia, o das mocións e camiño Reboredo está pendente informar unhas alegacións e facer proposta por quen coresponda. En canto as preguntas, cando se fan as cousas ben, as veces o goberno do PP que ogallá non continúe, conseguimos o ano pasado ter 500.000 euros en remanente pero obrigados a gastalo polo PP primeiro en REC que non nos deixaron e logo en investimentos o cal nos deixou a caixa moi baixa e hai que facer fronte a pagamentos e non podemos estar de brazos cruzados pola liquidez cando podemos ter acceso a liña de crédito que supón un custe de (pregunta ao Sr interventor accidental)

O Sr Interventor accidental concreta uns 800 euros anuais dispoñendo da totalidade.

Sr alcalde: Que está sin dispoñer, que nos den 400.000 por 800 para atender é preferible e ter a liquidez para os empresarios que facturan con nos, non hai outra explicación e transparencia total, permitame que lle diga que cando fai rogo faga non recrimine, non é unha persoa especial para saltar as normas, si necesita facer unha crítica faga pero non salte as normas. Os rumores non debemos dar importancia porque están na rua nos bares e teñen mala intención, vostede si quer saber a situación da nave o sabe perfectamente e sabe que non ten autorizada a actividade, realiza unha actividade para que non está autorizada, ten problemas importantes e incoada reposición da legalidade, o que máis preocupa e a seguridade así o din os informes técnicos, os percorridos mínimos non existen, non existen portas de saída si portalóns, mangueras extintores, varias alturas sin elevador, non existen aparcadoiros, ten unha actividade que non ten autorización e está nunha situación que non fai falta que o diga eu, cada cal coa súa responsabilidade, creo que todos somos iguais ante a lei e cumpílila, as ordenanzas son lei, nin siquiera os técnicos as aproban, si hai unha actividade sin autorización haberá que decilo, solo ten eso.

D. José Manuel Rodríguez Blanco: parecelle pouco

Sr. Alcalde: unha nave de 200.000 de fondos públicos creo entre nos que hai que educar a xente, os cartos públicos hai que xestionalos con racionalidade, e non para facer ilegalidades, espero que os promotores tomen as decisións que lle correspondan invítalo a que mire o expediente e a pista de padel de vimianzo non sei o que me di, non hai absolutamente ningún tema pero o que dixen antes, si conoce o problema dígaos, temos que ser serios para ter un goberno e facer obras e prestar servizos temos que ter recursos e tratar que non vaian para mordidas para poñerse pelo ou outras historias que levou o PP a suspender o partido en Valencia, que vaia o interese xeral, ese é o noso criterio, non podemos dicir que a xente non pague impostos porque non teríamos hospitais nin pistas de padel, o concello non discrimina, otorga un enganche e se executa e se cobra o mesmo a todo mundo o criterio e ver as necesidades si existe a rede e xestionar as demandas, si unha persoa engancha hai que cobrar si non engancha non se cobra, agora que tamen digo que non podemos facer un alcantarillado para un lugar de 15 casas e engancha unha por eso agora pedimos propostas e con compromiso de enganche pero non é que a uns cobremos 300 euros e outros non, procuramos convencer a xente non obrigamos aínda a ninguén, me pode acusar de certa pasividade, pero todo o mundo si hai alcantarillado todo mundo debería estar enganchado e non como ata agora que temos sobre 130 irregulares que estou orgulloso dos veciños que nos permiten ir xestionando.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 12:15 horas, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 30 de xaneiro de 2016.

